



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 14 DE XANEIRO DO 2021.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D. Víctor Reiriz Lampón D^a Elvira Pereira Ageitos</p>	<p>Interventor acctal.: D. Jorge González Mariño</p> <p>Secretario acctal.: D. José Martínez de Llano Orosa</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	--

Reúnense de forma telemática ao amparo do artigo 46.3 da Lei de Bases de Rexime Local, sendo as nove horas e trinta minutos do día catorce de xaneiro do dous mil vinte e un, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/01/2021 **“Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “Renovación de servicios e pavimentación en Outeiro (Carreira)””**.





IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Alexander Sebastián Fernández**, de data 11/01/2021 (Rexistro de entrada nº 317), no que solicita información urbanística de parcela con referencia catastral 15074A902.

Visto o informe emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 12/01/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda informar** ao solicitante como segue:

Categoría solo: Urbano Ordenanza 6.3

De acordo con el PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca en el plano adjunto de referencia catastral 15074A90201610P que están clasificadas como **SUELO RUSTICO de PROTECCIÓN NATURALES**, con las siguientes determinaciones:

Que las parcelas objeto de informe están clasificadas como:

Suelo Rústico de protección Espacios Naturales (Art. 124).

Artículo 124: Norma de protección de espacios naturales. S.R.P.N. 1.1.

Definición de la norma zonal S.R.P.N. 1.1

Esta ordenanza comprende aquellos terrenos que por su valor ambiental, ecológico, biológico, botánico, paisajístico científicos, educativos o recreativos deben preservarse para su protección y mejora.

Ámbito:

La Zona de Servidumbre de Costas, delimitación específica establecida en los planos correspondientes de ordenación y delimitación propuesta en la Orden de 7 de junio de 2001 de la Consellería de Medio Ambiente y las islas de Ceboleiros, Carreiro, Rúa, Salvora, Novo, Herbosa y Vionta.

Obras admisibles:





Únicamente se permitirá, la restauración y rehabilitación de aquellas construcciones existentes y las de nueva planta, de carácter desmontable, que en ambos casos sirvan para garantizar la protección y la utilización racional del área a proteger, como son las instalaciones de control de acceso al área y los servicios de mantenimiento de la misma.

Usos globales característicos, compatibles y prohibidos:

En las zonas de las dunas de Corrubedo serán los que figuran en el "Plan de Ordenación de los Recursos Naturales del Parque del Complejo Dunar de Corrubedo y Lagunas de Carregal y Vixán".

En el resto de espacios protegidos por esta norma no se autorizará la construcción de ninguna clase de edificación, permitiéndose la explotación racional de los recursos vinculados al medio que no atenten contra los valores esenciales que se protegen.

Expresamente se prohíben las siguientes actuaciones:

Cortes del arbolado existente.

Destrucción de elementos naturales, geológicos, acuíferos, vegetales, o elementos que supongan una variación del equilibrio natural del ecosistema.

Modificación de cauces o torrenteras.

Vertido de residuos sólidos o líquidos.

El vallado o cierre de fincas que supusieran inconveniente para el normal desarrollo de especies animales autóctonas, permitiéndose únicamente aquellos cerramientos realizados con las técnicas y materiales tradicionales (cachotería en seco) y previo estudio y justificación de su adecuación.

La apertura de nuevos caminos. La mejora de los existentes se hará exclusivamente con materiales pétreos en seco. Se resolverán las áreas de aparcamiento para visitantes que eviten la invasión de las zonas protegidas

Tipologías edificatorias:

Solamente se autorizarán aquellas construcciones de carácter temporal y desmontable o módulos prefabricados que garanticen la no alteración del medio.

2.- Visto o escrito presentado por **UFD Distribución Electricidad, S.A**, de data 30/11/2020 (Rexistro de entrada nº 16.285), no que solicita información urbanística de parcela situada en Aguiño.

Visto o informe emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 28/12/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda informar** ao solicitante como segue:

Categoría solo: Dotacional

NORMATIVA APLICABLE

Plan General de Ordenación municipal de Riveira, aprobado definitivamente en sesión plenaria de fecha 17/12/2002.

ARTICULO 122: DEFINICIONES Y CLASES

1.- Uso docente





a) Definición

Corresponden a los edificios y locales dedicados a actividades pedagógicas o de formación en cualquier de sus niveles y tipos, como centros escolares y preescolares, academias, jardines de infancia, etc. Se exceptúan los centros dedicados a educación especial.

b) Clasificación

Se establecen las siguientes categorías:

- Categoría 1ª: Centros con menos de 50 plazas escolares.
- Categoría 2ª: Centros con más de 50 plazas escolares.

c) Condiciones

Además de las condiciones de uso y volumen y de las ordenanzas propias de la zona, cumplirán las condiciones establecidas en la normativa vigente aplicable.

2.- Uso asistencial

a) Definición

Corresponden a los edificios y locales destinados a asilo y servicios de atención de la población con menos protección: niños, ancianos, disminuidos físicos, pobres, etc.

b) Clasificación

Se establece una categoría única

c) Condiciones

Además de las condiciones generales de uso y volumen y ordenanzas de la zona, cumplirán con las disposiciones vigentes en la materia, así como con las condiciones higienico-sanitarias establecidas para el uso de viviendas.

3.- Uso religioso

a) Definición

Corresponden a los locales y edificios destinados al culto.

b) Clasificación

Se establece una categoría única que engloba tanto a los templos y centros parroquiales como a las capillas y oratorios.

b) Condiciones

Además de con las ordenanzas de la zona, cumplirán con las disposiciones vigentes que les sean de aplicación.

3.- Uso sanitario

a) Definición

Corresponden a los edificios y locales dedicados al tratamiento y alojamiento de enfermos y accidentados, como clínicas, dispensarios, centros primarios de salud, etc.

b) Clasificación

Se establecen dos categorías:





- Categoría 1ª: Edificios para tratamento, diagnóstico, primeiros auxilios, etc., sin hospitalización.
- Categoría 2ª: Edificaciones dedicadas en todo o en parte al alojamiento de enfermos.

c) Condiciones

Además de cumplir con la legislación general vigente que le es de aplicación y con las ordenanzas de la zona y generales de uso y volumen, dispondrán de una plaza de aparcamiento por cada 25 m² de superficie.

3.- Visto o escrito presentado por **Adolfo Pérez Sampedro**, de data 21/12/2020 (Rexistro de entrada nº 17.382), no que solicita certificación de que un camiño situado en Lugar de Castro "Montecelos" (Carreira) é público e consta no Inventario de Bens Municipais.

Visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 05/01/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda informar** ao solicitante como segue:

Dito camiño non consta no catastro antigo, nin no catastro do ano 2000, nin no actual.

Consultado o Inventario de Bens Municipais, aprobado definitivamente en Pleno Municipal de data 26 de febreiro de 2018, dito camiño non figura inventariado como camiño público.

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN ASÍ COMO PRESTAR CONFORMIDADE AO INICIO DA ACTIVIDADE DE TALLER DESTINADO A PARQUE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA - TALLERES BAÑA, S.L.

LICENZA DE OBRA Nº 21/19: Concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 27 de xuño de 2019.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de edificación destinada a taller para parque de maquinaria agrícola.

FINALIDADE DA ACTIVIDADE: Taller de maquinaria agrícola, (epígrafe IAE 919.9).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Ordinaria e Solo Rústico de Protección Forestal.

REFª CATASTRAL: 15074A037004150000KG.

SITUACIÓN: "Redondos" lugar de A Carballa s/n, Palmeira, Ribeira.

PROMOTOR/A: TALLERES BAÑA S.L. (CIF B.15.236.672).

PROXECTO: Proxecto para construción de taller de maquinaria agrícola visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 16 de novembro de 2017 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena / Proxecto para construción de taller de maquinaria agrícola visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 7 de decembro de 2017 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena / Proxecto para construción de taller de maquinaria agrícola visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 27 de febreiro de 2019 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena / Estudio Técnico sobre a altura máxima





necesaria para a construción proxectada redactado polo Sr. Xerardo S. Tarrío Calvo, enxeñeiro agrícola (col. 1.395) / Proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais, xustificación da Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e da Lei 3/2018, de 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas de data 27 de febreiro de 2019 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena / Documentación técnica xustificativa do cumprimento da Ordenanza Municipal reguladora de Ruído e do Decreto 106/2015 de 9 de xullo sobre contaminación acústica de Galicia.

INFORMES / AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS: Consta informe favorable emitido polo Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural da Coruña Sr. Manuel Rodríguez Vázquez de día 22 de decembro de 2017, aos efectos do disposto no artigo 36.2 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, rexistrado de entrada no Concello o día 3 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 76) / Consta informe favorable emitido polo Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística Sr. José Antonio Cedeira Pérez de día 12 de abril de 2018 aos efectos do disposto no artigo 35 e 36 respecto ao cumprimento das condicións de uso e no artigo 39 respecto das condicións de edificación da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, rexistrado de entrada no Concello o día 17 de abril de 2018, (Rexistro de entrada nº 5.656) / Consta resolución favorable de día 22 de xuño de 2018 pola que se aproba a concesión de autorización de obra na DP7310 - do enlace AC - 11 en Palmeira a Cruz de Moldes P.K. 0 + 060 marxen dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2018000025786, asinado polo Sr. Miguel Cachafeiro Pazos así como polo Sr. José Luis Almau Supervía e polo Presidente da Deputación Sr. Valentín González Formoso o día 21 de xuño de 2018 / Consta acordo de alteración da descrición catastral de día 24 de outubro de 2018 asinado polo Xerente Rexional do Catastro de Galicia Sr. Benito Bericochea Miranda no que se reflicte unha superficie de 4.732,00 m² / Consta informe favorable emitido pola Axencia Galega de Infraestruturas, Servizo Provincial da Coruña asinado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos Sra. Teresa Palacios Alonso e polo Xefe de Servizo Felipe de la Vega Gándaras aos efectos do disposto no artigo 47 da Lei 6/2015 de 7 de agosto de estradas de Galicia que modifica a Lei 8/2013 de 28 de xuño, en relación á posible afección da AG-11, rexistrado de entrada no Concello o día 30 de maio de 2019, (Rexistro de entrada nº 7.591) / Consta no expediente copia da solicitude - escrito - comunicación presentada pola entidade TALLERES BAÑA S.L. para obter a autorización de verteduras de augas residuais (tramitación ordinaria) de AUGAS DE GALICIA, que tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia o día 11 de febreiro de 2019, (Rexistro de entrada nº 2019/293311).

DOCUMENTACIÓN FIN DE OBRA: Certificación Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 22 de setembro de 2020 asinado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena / Acta de conformidade de implantación asinado pola auxiliar técnico da Deputación da Coruña Marta Martínez o día 26 de outubro de 2020.

DOCUMENTACIÓN INICIO DE ACTIVIDADE: Copia da póliza de seguro de RC de referencia 078W0033AA026894, aseguradora: MAPFRE ESPAÑA, Compañía de Seguros y Reaseguros / Consta informe acústico de medicións emitido pola entidade Virocem, S.L. (empresa homologada pola Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, con data 31 de xullo de 2006, e rexistrada no Rexistro Xeral de Laboratorios de Ensaio para a Calidade da Edificación, con data 12 de xaneiro de 2015, Rexistro LECCE GAL-L-053), de data 1 de decembro de 2020, referido ás medicións efectuadas en data 30 de novembro de 2020, no que se conclúe que as medicións de illamento acústico obxecto do informe cumpren cos requirimentos concernentes ás esixencias da normativa en materia de protección contra a contaminación acústica / O produtor deberá cumprir coa obriga de dispoñer da documentación que acredite que os RCDs realmente producidos na obra son ou foron xestionados, no seu caso, en obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado. Consta comprobante de entrega de residuos de RCDs emitido por Alfredo Ordóñez Rey (NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.), de data 31 de maio de 2020 / Consta resolución de autorización de vertido por infiltración no terreo (cunca da ría de Arousa) de augas residuais domésticas e industriais depuradas procedentes das instalacións dun taller de maquinaria agrícola localizado no lugar da Carballa – Palmeira (T.M. Ribeira) e de obras en zona de policía dun regato innominado afluente do rego da Chamiza, de data 27 de xullo de 2020. Peticionario: Talleres Baña, S.L. (B15236672).

Visto expediente de referencia e tendo en conta os seguintes



FIRMANTE - FECHA





ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2019 e que por unanimidade acorda.

“
(...)

PRIMEIRO.- CONCEDER a entidade TALLERES BAÑA S.L. a **LICENZA DE OBRAS** para **CONSTRUCCIÓN DE TALLER DESTINADO A PARQUE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA** en parcela con refª catastral nº 15074A037004150000KG sita en “Redondos” lugar de A Carballa s/n, Palmeira, Ribeira, nos termos do Proxecto para construción de taller de maquinaria agrícola visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 27 de febreiro de 2019 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena, do Estudio Técnico sobre a altura máxima necesaria para a construción proxectada redactado polo Sr. Xerardo S. Tarrío Calvo, enxeñeiro agrícola (col. 1.395), do Proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais, xustificación da Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e da Lei 3/2018, de 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas de data 27 de febreiro de 2019 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena:

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Execución e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.
- As actuacións autorizadas non se poderán iniciar sen que o persoal do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña comprobe a súa correcta implantación, segundo o disposto na resolución favorable de día 22 de xuño de 2018 pola que se aproba a concesión de autorización de obra na DP7310 - do enlace AC - 11 en Palmeira a Cruz de Moldes P.K. 0 + 060 marxen dereita.
- O revestido das paredes exteriores se realizará de modo que o seu aspecto final sexa adecuado, para o que se adoptarán solucións oportunas como enfoscar o soporte antes do revoco de cal, ou mixto de cal e cemento para que non se reproduzcan as xuntas de soporte e se asemelle ao revoco tradicional.
- A carpintería exterior será preferentemente de madeira e en caso de realizarse en alumnio o PVC presentará o seu acabado exterior aspecto de madeira de calidade compatible coas carpinterías tradicionais.
- Os ocos exteriores se recerarán con elementos de cantería de pedra natural da zona de características tradicionais sin que poidan substituírse por losas de revestimento u outros similares.
- Deberá adecuarse integramente ao disposto polo artigo 39 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e fágase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

SEGUNDO.- En atención ao artigo 23 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade





económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando o concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

TERCEIRO.- Logo de rematar a obra, presentárase **LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN** cos requisitos especificados nos artigos 33 e 24 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, realizando o Concello unha comprobación da correcta execución do solicitado, debendo presentar asimesmo:

- De conformidade co previsto no artigo 11 do Decreto 106/2015 de 9 de xullo, deberá dispoñer con carácter previo ao inicio da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade que, partindo da clasificación de actividades recollida na alínea A) do anexo acredite o cumprimento dos valores de illamento indicados na alínea B) do mesmo Anexo.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio da actividade a acta de conformidade emitida en relación á correcta implantación, segundo o disposto na resolución favorable de día 22 de xuño de 2018 pola que se aproba a concesión de autorización de obra na DP7310 - do enlace AC - 11 en Palmeira a Cruz de Moldes P.K. 0 + 060 marxen dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio da actividade autorización de vertedora de AUGAS DE GALICIA.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio da actividade xustificación da xestión efectuada cos RCDs xerados na obra.

(...)
“

SEGUNDO.- Vistos os escritos presentados pola Sr. Francisco José Baña Mariño, actuando en nome e representación da entidade TALLERES BAÑA S.L. rexistrados de entrada os días 23 de setembro, 26 de novembro e 16 de decembro de 2020, (Rexistros de entrada nº 12.103, 16.129, 17.179 respectivamente), mediante os que solicita a licenza de primeira utilización para taller de maquinaria agrícola construído ao amparo da licenza nº 21/19 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 27 de xuño de 2019, sita en parcela con refª catastral nº 15074A037004150000KG sita en “Redondos” lugar de A Carballa s/n, Palmeira, Ribeira, achegándose Certificación Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 22 de setembro de 2020 asinado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Fragoso Pena, Acta de conformidade de implantación asinado pola auxiliar técnico da Deputación da Coruña Marta Martínez o día 26 de outubro de 2020.

TERCEIRO.- Vistos os escritos presentados pola Sr. Francisco José Baña Mariño, actuando en nome e representación da entidade TALLERES BAÑA S.L. rexistrados de entrada os días 27 de novembro, 1, 2 e 4 de decembro de 2020, (Rexistros de entrada nº 16.161, 16.364, 16.446 e 16.580 respectivamente), mediante os que comunica o inicio de actividade de taller de maquinaria agrícola, (epígrafe IAE 919.9).

CUARTO.- Visto o informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación emite informe técnico favorable en relación a licenza de primeira utilización o día 27 de novembro de 2020 facendo constar





que o taller de maquinaria agrícola construído ao amparo da licenza nº 21/19 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 27 de xuño de 2019, cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, e restante normativa sectorial de aplicación.

QUINTO.- Vista a dilixencia de comprobación así como acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 4 de decembro de 2020 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa ambiental de aplicación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA.**

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

TERCEIRO.- A licenza de primeira ocupación ten como obxecto principal comprobar si o realizado se axusta á licenza de edificación concedida anteriormente.

O artigo 143.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, esixírase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

CUARTO.- Artigos 349 a 358 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

Así o artigo 355.3 do Regulamento establece que as solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, deberán ir acompañadas dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita comprobación dos servizos técnicos municipais, suscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o exixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a





conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

Xuntarase igualmente á solicitudude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, se é o caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da axeitada execución das acometidas das redes de subministración.

De conformidade co artigo 357.3 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro, as resolucións sobre denegación de licenzas urbanísticas, deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do plan que se incumplan.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais nos termos previstos no artigo 358.2 deste regulamento.

QUINTO.- A licenza de primeira ocupación regúlase nos artigos 42, 43, 44 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia establecen o seguinte:

Artigo 42. A licenza de primeira ocupación

1. Unha vez concluídas as obras de construción dos edificios ou vivendas, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello no que radique o inmovible, e acompañará a súa solicitudude a certificación final de obra e demais documentación que, no seu caso, esixa o concello competente.

2. Sin perxucio do que establezca a regulamentación urbanística, poderán otorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, cando a parte da obra obxeto da licenza cumpla os seguintes requisitos:

– Que teña consideración de obra completa e cumpla todas as esixencias e toda a normativa técnica aplicable.

– Que sexa susceptible de utilización independente.

– Que, no seu caso, a urbanización interior e exterior da parcela directamente vinculada á edificación para a que se solicita a licenza se encontre totalmente finalizada e se garantice o cumprimento das obrigas urbanísticas da parcela que sirvió de base para a obtención da licenza de obra.

3. A Administración, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, deberá resolver a solicitudude e notificárla á persoa interesada no prazo máximo de dous meses, a contar dende a data na que a solicitudude tivo entrada no rexistro xeral do concello.

Artigo 43. Servizos

1. A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, saneamento, electricidade, gas, telecomunicacións e outros servizos comunitarios.

2. A Administración municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do suministro contratado sin a existencia previa da licenza de primeira ocupación.

Artigo 44. Declaración de obra nova

As notarias e os notarios e as rexistradoras e os rexistradores da propiedade exibirán, para autorizar ou inscribir, respectivamente, escrituras de declaración de obra nova finalizada que acredite o otorgamento da licenza urbanística, a expedición da certificación final de obra e o otorgamento da licenza de primeira ocupación. Para autorizar escrituras de declaración de obra nova en construción, as notarias e os notarios exibirán, para o seu testimonio, a aportación do acto de conformidade, aprobación o autorización administrativa que requiera a obra segundo a lexislación de ordenación territorial e urbanística, así como a certificación expedida polo técnico competente acreditativa de que a obra se axusta ao proxecto que foi obxeto de dito acto administrativo.





SEXTO.- A licenza de primeira ocupación como todas as licenzas urbanísticas, o seu otorgamiento é estrictamente reglado e constitúe a declaración que leva a cabo o Concello de que concorren todas as circunstancias citadas, dando lugar a que se poida ocupar e empezar a usar o edificio conforme ao destino previsto.

O alcance e efectos da actividade de control que se leva a cabo mediante a licenza de ocupación, foron aspectos resoltos pola xurisprudencia, conforme á cal «o contido de tal actividade de intervención (necesidade de motivación, congruencia cos medios e fins, proporcionalidade, etc.) vén descrita na norma contida no apartado d) do artigo 21 do Regulamento de Servizos (en sentido análogo, o disposto no artigo 41 do Regulamento de Xestión Urbanística), isto é, si o edificio (neste suposto vivenda unifamiliar) pode destinarse a determinados usos por estar situado en zona apropiada e reunir condicións técnicas de seguridade, salubridade (...).

En definitiva, ten por obxecto confrontar a obra realizada co proxecto que serve de soporte á licenza de obras no seu día outorgada, e tamén si cumpríronse as condicións lícitas, no seu caso establecidas en devandita licenza, xa que si existe adecuación, o Concello non pode denegar a licenza de primeira ocupación, dado que separadamente de atoparnos ante un suposto de actividade regulada, a licenza de primeira utilización é expresión técnica da necesaria comprobación de si o edificio ou instalación acomódase ás previsións contidas no proxecto e instrumentos complementarios que no seu día serviron de soporte ao acto base de concesión da licenza de obra ou edificación» (STS de 26 de xaneiro de 1987 e de 25 novembro de 1997, que recollen a doutrina do TS).

A licenza de primeira ocupación ten como finalidade a comprobación de que a obra executada se axusta ao proxecto que serviu de base para a concesión da licenza de obra, así como verificar as condicións de habitabilidade, salubridade e seguridade do edificio, e o cumprimento no seu caso dos deberes de urbanización simultáneos, **sin entrar de novo a verificar o cumprimento da lexislación urbanística, xa que en ningún caso poderase basear a denegación da licenza de ocupación en que a previa licenza de obras non é axustada a dereito**, xa que esta deberá ser revisada, si a iso houber lugar, a través do procedemento legal establecido, e de ningún modo utilizando como instrumento a denegación da licenza de primeira ocupación xa que a mesma non ten carácter revisor, STS de 14 de decembro de 1998 e de 10 de marzo de 1999.

Como sinala a STS de 14 de decembro de 1998, a Xurisprudencia destacou a relación que existe entre a licenza de primeira ocupación e a licenza de obras, de tal modo que nin pode a Administración aproveitar aquela para a revisión desta, impoñendo condicións ou limitacións non esixidas ao concederse a licenza de obras, nin o administrado apartarse na execución da construción dos términos en que a licenza de obra foi concedida para defender, cando a licenza de primeira ocupación fose denegada por esa desviación, que a construción realizada tamén se adecuaba ó planeamento, posto que a xurisprudencia recoñece a posibilidade de que con ocasión da licenza de primeira utilización compróbase si as obras efectuadas axústanse á licenza de obras concedida (STS de 8 de maio de 2002 e as que nela se citan).

Por iso é polo que se destaque o carácter en certo xeito independente de ambas licenzas, posto que en verdade refírense a cuestións e a momentos distintos. Como declarou a xurisprudencia, xa que logo, do mesmo xeito que as circunstancias urbanísticas que deberon ser obxecto de licenza de obras non poden revisarse ao examinar unha petición de licenza de primeira ocupación, tampouco cabo denegar esta cando pese a haberse erixido unha edificación sen licenza e en contra do planeamento, caducou o prazo concedido á Administración para o exercicio da súa potestade de restablecemento da legalidade urbanística e o uso pretendido atópase entre os autorizados na zona. Iso non implica, con



FIRMANTE - FECHA





todo, a legalización da obra executada, senón o mantemento do uso que de feito estivo levándose a cabo nela desde a súa construción.

SEXTO.- O Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

SÉTIMO.- O artigo 10 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica.

OITAVO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

NOVENO.- O Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

DÉCIMO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao ser o órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 27 de novembro de 2020 en relación á licenza de primeira utilización facendo constar que o construído se axusta á licenza de edificación concedida, visto en atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, vista a dilixencia de comprobación así como acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 4 de decembro de 2020 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa ambiental de aplicación, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/01/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade TALLERES BAÑA S.L. **LICENZA DE PRIMERA UTILIZACIÓN** para taller de maquinaria agrícola construído ao amparo da licenza nº 21/19 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 27 de xuño de 2019, sita en parcela con refª catastral nº 15074A037004150000KG, en “Redondos” lugar de A Carballa s/n, Palmeira, Ribeira, nos termos da Certificación Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 22 de setembro de 2020 asinado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena, así como da Acta de conformidade de implantación asinado pola auxiliar técnico da Deputación da Coruña Marta Martínez o día 26 de outubro de 2020.

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

TERCEIRO.- TOMAR COÑECEMENTO e PRESTAR CONFORMIDADE ao inicio da actividade de taller de maquinaria agrícola, (epígrafe IAE 919.9) solicitada pola entidade





TALLERES BAÑA S.L., en instalacións sitas en parcela con refª catastral nº 15074A037004150000KG, en "Redondos" lugar de A Carballa s/n, Palmeira, Ribeira nos termos da Copia da póliza de seguro de RC de referencia 078W0033AA026894, aseguradora: MAPFRE ESPAÑA, Compañía de Seguros y Reaseguros, do Informe acústico de medicións emitido pola entidade Virocem, S.L. (empresa homologada pola Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, con data 31 de xullo de 2006, e rexistrada no Rexistro Xeral de Laboratorios de Ensaio para a Calidade da Edificación, con data 12 de xaneiro de 2015, Rexistro LECCE GAL-L-053), de data 1 de decembro de 2020, referido ás medicións efectuadas en data 30 de novembro de 2020, no que se conclúe que as medicións de illamento acústico obxecto do informe cumpren cos requirimentos concernentes ás esixencias da normativa en materia de protección contra a contaminación acústica, do comprobante de entrega de residuos de RCDs emitido por Alfredo Ordóñez Rey (NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.), de data 31 de maio de 2020, da resolución de autorización de vertido por infiltración no terreo (cunca da ría de Arousa) de augas residuais domésticas e industriais depuradas procedentes das instalacións dun taller de maquinaria agrícola localizado no lugar da Carballa - Palmeira (T.M. Ribeira) e de obras en zona de policía dun regato innominado afluente do rego da Chamiza, de data 27 de xullo de 2020. Peticionario: Talleres Baña, S.L. (B15236672).

CUARTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

QUINTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SEXTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 21/01/2021
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 21/01/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/01/2021 14:52:46





IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada da Sentenza nº 00256/2020, de data 29/12/2020, remitida polo **Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela**, relativa ao Procedemento Ordinario 0000845/2018, pola que se estima en parte a demanda presentada a instancias de Carlos Santos Rivas, contra o Concello de Ribeira, e contra a Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, da Administración Pública e Xustiza.

SOLICITUDES DE SUBVENCÍONS

Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro**, de data 11/01/2021, en relación á convocatoria do *“Programa de subvencións dirixidas a concellos e agrupacions de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2021”*, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 1, de data 04/01/2021).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento do programa *“subvencións dirixidas a concellos e agrupacions de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a contratación de persoal técnico para as oficinas de turismo por un período mínimo de catro meses durante o ano 2021”*.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.





- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

ACORDO DE CORRECCIÓN DE ERROS DA LISTAXE DE SOLICITUDES PARA A DEVOLUCIÓN PROPORCIONAL DO PREZO PÚBLICO DOS BONOS DA MOSTRA DE TEATRO 2020.

VISTA a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 08/01/2020, relativa á corrección de erros relativa ao importe a devolver a unha das solicitudes a unha das solicitantes para a devolución proporcional do prezo público dos bonos da Mostra de Teatro 2020, listaxe aprobada pola XGL de data 23/12/2020.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á corrección do citado erro e se proceda á devolución do importe proporcional dos bonos da Mostra de Teatro 2020 segundo a seguinte táboa:

Apelidos	Nome	DNI	IBAN	Nº bonos mercados	Importe a devolver
DOMÍNGUEZ LÓPEZ	MARÍA ADELAIDA	XXX403XXXV	-----	4	80,00 €

AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 11/01/2021, en relación sufragar os gastos de enterramento de María Antonia García Romero, así como a concesión de fosa municipal para proceder á sepultura do seu cadaleito.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María Pilar García Sampedro, de data 11/01/2021, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

- **Autorizar** o gasto derivado de sufragar os gastos de enterramento de María Antonia García Romero, polo importe máximo de **1.203,96 €**.





- **Autorizar** a concesión de fosa municipal para proceder á sepultura do seu cadaleito

ACORDO DE CONCESIÓN DOS PREMIOS AOS GAÑADORES DO CONCURSO DE NADAL 2020- 2021 NA MODALIDADE DE DECORACIÓN DE FACHADAS, BALCÓNS E XARDÍNS, ASÍ COMO SORTEO DE 3 PREMIOS DE REIS E ADHESIÓN DE ESTABLECEMENTOS Á CAMPAÑA #NADALENRIBEIRA DE BONOS DE COMPRA

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 11/01/2021, relativa á concesión dos premios aos gañadores do Concurso de Nadal 2020- 2021 na modalidade de decoración de fachadas, balcóns e xardíns, así como sorteo de 3 premios de Reis e adhesión de establecementos á campaña #nadalenribeira de bonos de compra.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** a CONCESIÓN dos tres premios en vales de compra segundo o importe indicado aos tres gañadores na modalidade de decoración de Fachadas, balcóns e xardíns para proceder á súa entrega, segundo o contido da citada proposta.
- **Aprobar** os tres números premiados cos bonos de 120,00 € en vales de compra segundo o sorteo da Lotería Nacional do Neno para proceder á súa entrega, segundo o contido da citada proposta.
- **Aprobar** a ADHESIÓN á campaña dos 23 establecementos indicados no Anexo II, que consta no expediente, e segundo o contido da citada proposta.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario acctl., dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario acctl.
José Martínez de Llano Orosa

